



asociación de
escritores
en lingua galega
www.aelg.org

“A ESCRITORA NA SÚA TERRA • LETRA E”

MARICA CAMPO

VAL DO MAO | A CRUZ DO INCIO
15 | XUÑO | 2013

XIX EDICIÓN DA HOMENAXE



Concello do Incio



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



XUNTA
DE GALICIA

A Homenaxe A Escritora na súa Terra, impulsada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), chega este ano á súa XIX edición recaendo, por decisión unánime da súa Asemblea de Socios e Socias, na figura de Marica Campo, que será homenaxeada na súa terra natal, o Val do Mao.

Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da Asociación, e tense constituído ao longo de case dúas décadas como unha celebración na que a terra de orixe do homenaxeado cobra un protagonismo fundamental. É vontade da AELG honrar escritores/as procurando o contacto directo co autor/a e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe.

MARICA CAMPO

Unha celebración múltiple e popular na que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón Letra E de escritor/a (unha peza escultórica asinada por un/ha recoñecido/a artista galego/a, neste caso Silverio Rivas), a plantación dunha árbore simbólica (unha camelia elixida pola propia autora), a colocación dun monólito conmemorativo e a atribución do nome do homenaxeado a un espazo público, neste caso ao Campo da Festa-Souto Marica Campo.

ANTERIORES MERECEDORES/AS DESTE GALARDÓN

I Edición
ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS
1995 • Boa, Taramancos

II Edición
BERNARDINO GRAÑA
1996 • Cangas do Morrazo

III Edición
MANUEL MARÍA
1997 • Outeiro de Rei

IV Edición
MARÍA XOSÉ QUEIZÁN
1998 • Vigo

V Edición
XOSÉ NEIRA VILAS
1999 • Gres, Vila de Cruces

VI Edición
UXÍO NOVONEYRA
(póstumo)
2000 • Parada do Courel

VII Edición
LUZ POZO GARZA
2001 • Ribadeo

VIII Edición
XOSÉ CHAO REGO
2002 • Vilalba

IX Edición
XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO
2003 • Nogueira de Ramuín

X Edición
SALVADOR GARCÍA-BODAÑO
ZUNZUNEGUI
2004 • Teis, Vigo

XI Edición
PURA E DORA VÁZQUEZ
2005 • Ourense

XII Edición
MARÍA DO CARME KRUCKENBERG
2006 • Vigo

XIII Edición
MANUEL LOURENZO
2007 • O Valadouro

XIV Edición
XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR
2008 • Melide

XV Edición
AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ
2009 • Vilalba

XVI Edición
MARILAR ALEIXANDRE
2010 • Santiago de Compostela

XVII Edición
PACO MARTÍN
2011 • Lugo

XVIII Edición
XAVIER RODRÍGUEZ BAIXERAS
2012 • Ribadeo

PROGRAMA DE ACTOS • 15 DE XUÑO DE 2013

11.30

Praza da Casa do Concello do Incio (A Cruz do Incio)
Acto de entrega da letra E

Intervenien:

- Laura Celeiro García, Alcaldesa do Incio
- Mercedes Queixas Zas, Secretaria Xeral da AELG
- Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG
- Xosé Ramón Freixeiro Mato. *Laudatio*

Entrega da peza escultórica de Silverio Rivas

- Intervención da homenaxeada: resposta á *laudatio* por parte de Marica Campo

13.00

Campo da Festa-Souto Marica Campo (Val do Mao)
Plantación da camelia (árbore simbólica da escritora) e descubrimento do Monólito conmemorativo e da placa que atribúe o nome da homenaxeada ao Souto.

Intervenien:

- Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG
- Marica Campo

14:30

Hotel-restaurante “A Veiga”, Samos (Estrada Samos-Sarria)
Xantar de Confraternidade. Aberto a Socios/as da AELG, á veciñanza do Incio e demais persoas interesadas.



A ESCRITORA NA SÚA TERRA HOMENAXE A MARICA CAMPO

Naceu María Pilar Campo Domínguez, a nosa Marica Campo, no ano 1948 no Val do Mao, Concello do Incio. Nesas datas e terras andaba Ánxel Fole a compor os magníficos contos “a carón do lume”, ampliados despois como “contos da solaina”, aínda coa nosa autora a gozar da infancia. Axiña os seus pais trasladaron a morada para Lugo, onde Marica vivía coa ilusión de tornar nos veráns ao Val do Mao, onde paseniñamente se irá impregnando da lingua e dos modos de contar historias.

Sen présa por publicar, Marica Campo é unha autora serodia embora algúns dos seus poemas xa levasen anos circulando polo país, ás veces en forma musicada. Cando en 1992 sae *Tras as portas do rostro* xa batemos cunha voz poética maior, unha voz circia e madura que desborda beleza artística, tremor emotivo e paixón vital. Talvez para conter esa fervenza expresiva quixo a autora someterse ao molde do soneto nas trinta e tres xoias de *Pedinche luz prestada*, que a converten nunha das máis destacadas cultivadoras nas nosas letras. E aínda se atreveu coa sextina, ou mellor, as trinta e seis + tres sextinas do prodixioso *Sextinario*. Tamén na narrativa nos deixou froitos importantes, igual que no teatro e na literatura infanto-xuvenil, sen menosprezarmos a mestría que nos demostra día a día nos artigos de opinión –e de intervención– en diferentes medios.

Na súa traxectoria literaria e cívica transparece o firme compromiso coa Galiza, patria asumida e sempre reivindicada, e coa causa da xustiza e da solidariedade. Espírito libre, aberto e xeneroso, Marica Campo comprométese en cada texto coa calidade e dignificación artística da lingua, máis outra forma, en fin, de fidelidade e amor á Terra.

MARICA CAMPO

VAL DO MAO | A CRUZ DO INCIO
15 | XUÑO | 2013

